

# **Curso de Moodle**

## Índice

1.- O interface de Moodle.....	2
2.- Roles en Moodle.....	6
3.- Creando usuarios en Moodle.....	8
3.1.- Creando usuarios co Administrador.....	8
3.2.- Creación da conta por parte do propio usuario.....	12
4.- Creando unha categoría.....	14
5.- Creando o novo curso.....	16
5.1.- Asignando os roles.....	20
5.1.1.- Asignando o rol de profesor.....	20
5.1.2.- Asignando os roles dos alumnos.....	22
6.- Configurando un pouco o curso.....	24
7.- O modo edición en Moodle.....	29
8.- Inserindo Recursos.....	31
8.1.- Inserindo unha etiqueta.....	31
8.2.- Inserindo una páxina de texto.....	35
8.3.- Inserindo unha páxina web.....	38
8.4.- Inserindo un libro.....	45
8.5.- Ligazón a un ficheiro.....	48
8.6.- Mostrar un directorio.....	51
8.7.- Inserindo un contido IMS.....	54
9.- Tarefas en Moodle.....	55
9.1.- Actividades fóra de liña.....	55
9.2.- Actualización dun só ficheiro.....	59
9.3.- Actualización avanzada de ficheiros.....	63
9.4.- Texto en liña.....	64
10.- Lección.....	65
11.- Cuestionarios en Moodle.....	73
10.1.- Editando o cuestionario.....	76
10.2.- Resolvendo o cuestionario.....	84
12.- Cualificacións.....	86
13.- Módulos de comunicación.....	89
13.1.- Foros.....	89
13.1.1.- O foro de novas.....	89
13.1.2.- Foros de dúbidas ou discusións.....	93
13.2.- Chats.....	96

## 1.- O interface de Moodle

Cando accedemos á plataforma Moodle aparécenos unha pantalla na que podemos ver os cursos dispoñibles nesa plataforma. Por exemplo:




The screenshot displays the Moodle 'Aula virtual' interface. On the left, a sidebar titled 'Categorías de curso' lists various course categories: Miscelánea, Sistemas microinformáticos e redes, Tecnoloxía, Ciencias Sociais, Matemáticas, Ciencias da Natureza, and Grupos de Trabajo. Below these are links for 'Buscar en cursos ...' and 'Todos os cursos ...'. The main area, titled 'Cursos dispoñibles', lists three courses:

- Aplicacións Ofimáticas**  
Teacher: Roberto Pérez  
Módulo de Aplicacións Ofimáticas
- Sistemas Operativos en Rede**  
Teacher: Miguel Mourón  
Apuntes e exercicios do módulo de sistemas operativos en Rede
- Aplicacións Web Curso 2011-12**  
Teacher: Ana Patiño Loureiro  
Módulo de Aplicacións Web do curso 2011-12


At the bottom of the list, there is a link for 'Seguridade Informática Curso'.

Na parte esquerda podemos ver as categorías de cursos que presenta esta páxina (en Moodle os cursos organizanse por categorías) e na parte central da páxina un listado de cursos dispoñibles. Algúns deses cursos presentarán unha imaxe ó lado do nome do mesmo do seguinte xeito:



Esa imaxe indícanos que ese curso en particular está dispoñible para usuarios con nivel de acceso de invitado (non fai falta estar dado de alta na plataforma para poder “botarlle un vistazo” ó curso).

Se tentamos acceder a algún dos cursos o sistema solicitaranos que nos autentiquemos para poder entrar. Por outra banda, na parte de arriba á dereita temos un enlace para poder facelo de xeito directo:



Tanto si facemos click nun curso que require autenticación para o acceso coma si pulsamos no enlace anterior o sistema solicitaranos un nome de usuario e un contrasinal:

**Aula virtual**

AV ► Entrar no sitio

### Volver a este sitio web?

Para acceder precisa dun nome de usuario e dun contrasinal  
(Debe activar os cookies do seu explorador) ?

Nome de usuario

Contrasinal  Acceso

Algúns cursos poden permitir o acceso a convidados

Entrar como convidado

Esqueceu o seu nome de usuario ou contrasinal?

Si, axúdeme a acceder

Ola! Para un minuto de sitio web. Ca que non pre

1. Encha
2. Serall corre
3. Lea o
4. A súa sitio.
5. Selec
6. Solicit docer
7. Agora deste de us desta estea

Podemos ver que temos tres opcións:

1. Introducir un nome de usuario e contrasinal para acceder ó sistema.
2. Entrar coma convidado no sistema
3. Solicitar un novo contrasinal si nos esquecemos do mesmo.

A segunda opción unicamente será válida nos cursos que presenten a imaxe indicada antes na que nos di que aceptan o acceso para invitados. Nos demais cursos deberemos poñer un nome de usuario e un contrasinal para acceder.

Unha vez introducidos os datos de acceso accedemos ó curso e poderemos ver algo parecido a isto:

The screenshot shows a Moodle course page for 'GTMDL'. The interface is divided into three main sections:

- Left Sidebar (Navigation):** Contains sections for 'Persoas' (Participants), 'Actividades' (Activities), 'Busca nos foros' (Search forums), 'Administración' (Administration) with various tools like 'Activar edición', 'Configuración', 'Asignar papeis', etc., and 'Categorías de curso' (Course categories).
- Central Content Area (Esquema de tema):** Titled 'Curso de exemplo do uso de Moodle para profesores.' It contains a 'Foro de novas' and a 'Manual de Moodle'. Below this is a list of four sections:
  - 1 Introducción a Moodle:** Veremos como ingresar na aula virtual, crear cursos e matricular alumnos e coñeceremos un pouco o contorno Moodle.
  - 2 Recursos en Moodle:** Veremos como traballar cos distintos tipos de recursos que nos proporciona Moodle.
  - 3 Actividades en Moodle:** Veremos como traballar coas actividades que nos proporciona Moodle.
  - 4 Módulos de comunicación:** Veremos as ferramentas que nos da Moodle para comunicarnos cos nosos alumnos.
- Right Sidebar (Information):** Contains 'Últimas noticias' (Latest news), 'Próximos eventos' (Upcoming events), and 'Actividade recente' (Recent activity).

Esta é a páxina principal dun curso. Vemos que na parte esquerda temos un bloques que nos dan acceso a certas características do curso (Persoas, Actividades, Administración, ...)

Na parte central teremos os temas ou bloques que compoñen o curso, incluíndo un “*bloque-0*” que contén acceso a un foro de novas e ,neste curso de exemplo, a un pequeno manual. Nun curso baleiro de Moodle o único que veremos será o **Foro de novas**.

Na parte dereita podemos ver as últimas novas publicadas, os eventos próximos e a actividade recente.

Todas estas seccións veranse en máis profundidade segundo as vaíamos utilizando no curso que imos a crear coma exemplo.

Pero antes de comezar a crear o noso curso e engadirlle contidos vexamos algo máis sobre o funcionamento de Moodle.

## 2.- Roles en Moodle

Como xa vimos en Moodle temos dous tipos de acceso: coma convidado e coma usuario rexistrado no sistema. O acceso coma convidado está limitado ós cursos que permitan ese tipo de acceso (ademais doutras limitacións que veremos máis adiante). O acceso coma usuario rexistrado danos máis *privilexios* no sistema, pero ese privilexios dependerán do curso ó que accedamos e que **Rol** teñamos no mesmo.

En Moodle existen uns roles predefinidos:

- **Administrador:** pode facer todo en todos os sitios
- **Creador de cursos:** Pode crear novos cursos e impartir clase neles
- **Profesor:** Pode facer calquera cousa no curso no que ten ese rol, incluíndo a modificación das actividades e a avaliación dos alumnos
- **Profesor non editor:** Pode impartir clase e avaliar os alumnos, pero non pode modificar as actividades do curso nin matricular alumnos
- **Estudiante:** Poden participar nos foros e nas actividades e ser calificados polos profesores
- **Invitado:** Pode ver os recursos dun curso, pero ten restrinxido o acceso ás actividades.

Poderíamos crear novos roles si o consideráramos necesario (sendo administradores), pero para este curso usaremos unicamente os roles que xa nos presenta a plataforma. Os roles que nos presenta Moodle podémosllos asignar ós usuarios de xeito global ou por categorías ou cursos. Por exemplo, si temos unha categoría chamada **Matemáticas** e un usuario chamado **Manuel** que queremos que sexa un profesor dun curso chamado **Xeometría** dentro desa categoría, teríamos tres posibilidades para definir os roles dese usuario no sistema:

- **Asignarlle o rol de profesor a nivel global.** Ten o inconveniente de que ese usuario adquiriría os privilexios de profesor en todos os cursos que teñamos na nosa plataforma, e ó mellor non é o que queremos.
- **Asignarlle o rol de profesor a nivel de Categoría.** Tería a vantaxe de que si queremos que ese usuario fose profesor en máis dun curso abondaría con crealo nesa categoría e automaticamente xa sería profesor nese curso, pero temos un problema similar ó do caso anterior: si hai cursos nos que queremos que non teña acceso de profesor e están na categoría de **Matemáticas** non nos valería
- **Asignarlle o rol de profesor a nivel de curso.** Ten a vantaxe de que o rol que lle asignemos a este nivel non lle afectará ós demais cursos da plataforma, pero ten o inconveniente de que si queremos que este usuario sexa profesor en máis de un curso teremos que asignarlle ese rol en cada curso por separado si usamos esta opción.

Como vemos, Moodle danos varias opcións para traballar. Debemos escoller a que mellor se adapta ás nosas necesidades en cada caso concreto e utilizala.

Como vimos, cando creamos un curso farémolo dentro dunha categoría. Podemos crear unha nova categoría para os nosos cursos ou usar algunha das que xa teñamos creadas. Unha vez

creada a categoría (ou seleccionada a desexada si usamos unha existente) procederíamos a crear un curso nela. Podemos crear un curso dentro dunha categoría si:

- Somos administradores
- Somos un usuario rexistrado no sistema que ten nesa categoría o rol de ***Creador de cursos***.

Nos seguintes temas veremos como facer todo iso paso a paso, pero o primeiro que temos que facer é aprender a crear un usuario en Moodle. Iso farémolo no tema seguinte.



## 3.- Creando usuarios en Moodle

Para crear usuarios na plataforma Moodle temos dúas opcións: pódese crear o administrador do sistema ou pódense dar de alta na plataforma eles mesmos. Vexamos como usar estas dúas opcións paso a paso.

### 3.1.- Creando usuarios co Administrador

Será a forma *normal* de crear usuarios en Moodle. Debemos iniciar sesión na plataforma con un usuario xa existente e que teña asignado o *rol* de *Administrador*. Unha vez feito isto poderemos ver na parte esquerda da pantalla o bloque de administración do sitio:



Nese bloque poderemos configurar as opcións do noso sitio Moodle. Neste caso centrarémonos nas opcións que nos interesan: as que están dentro do cartafol *Usuarios*. Si facemos *click* nel apareceranos un submenú con varias opcións, das que a que nos interesa agora mesmo é a que pon *Contas*. Nela podemos ver as seguintes opcións:



Actualizar perfil

Lendo os nomes dos campos xa se sobreentende a función dos mesmos. Unicamente faremos unhas pequenas aclaracións:

- O primeiro campo **Nome do usuario** refírese o nome que vai a utilizar o usuario para acceder ó sistema. Non ten por que ser o seu nome real, pero ten que lembralo para poder acceder máis tarde. O campo no que poremos o nome real do usuario está máis abaixo (onde podemos introducir o **Nome** e **Apelido** do usuario).
- O campo correo electrónico é obrigatorio, pero ó mellor non queremos poñer un correo real do usuario. Para eses casos podemos indicar un correo que non se vaia a usar realmente (no exemplo vemos que o sistema nos di que usemos o de **nonresponder@edu.xunta.es**). É interesante poñer o correo do usuario para poder logo enviarlle mensaxes si o desexamos, pero podemos optar por esta outra opción si é necesario.
- O campo que aparece debaixo de **Novo contrasinal** e que pon **Forzar mudanza de contrasinal** serve para que cando creamos un usuario lle poñamos un contrasinal xenérico e o usuario, ó iniciar sesión por primeira vez, teña que cambialo e poñer outro.

Creemos un usuario de exemplo:

**Xeral** \* Mostra avanzada

**Nome de usuario\***

**Novo contrasinal\***

**Forzar mudanza de contrasinal**

**Nome\***

**Apelido\***

**Enderezo de correo electrónico.**  
No caso de non ter conta, empregar **nonresponder@edu.xunta.es\***

**Ver correo**

**Correo electrónico activado**

**Cidade/Vila\***

**Seleccione un país\***

**zona horaria**

**Idioma preferido**

**Descrición** ?

Trebuchet 1 (8 nt) Triloma **B I U** x<sub>2</sub> x<sup>2</sup>

Unha vez cubertos os datos prememos no botón **Actualizar perfil** e aparecerá a seguinte pantalla:

Nome : **Todos** ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ  
 Apellido : **Todos** ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ

**Engadir novo usuario**

Nome / Apellido	Enderezo de correo electrónico. No caso de non ter conta, empregar nonresponder@edu.xunta.es	Cidade/Vila	Pais	Último acceso		
Usuario de Proba	nonresponder@edu.xunta.es	Baio	España	Nunca	<a href="#">Editar</a>	<a href="#">Eliminar</a>

**Engadir novo usuario**

Nesta pantalla podemos editar os datos do usuario ou eliminalo si o desexamos (podemos ver os enlaces para facelo na parte dereita). Si desexamos engadir un novo usuario seguindo os mesmos pasos podemos facer *click* no enlace que aparece na parte de abaixo que pon **Engadir novo usuario** e repetir os pasos.


Estes pasos serven para que un administrador dea de alta os usuarios do sistema. A outra forma que imos a ver de crear usuarios na plataforma é permitir que eles mesmos se dean de alta usando unha dirección de correo electrónico.

### 3.2.- Creación da conta por parte do propio usuario

Podemos facer que os usuarios se dean de alta a si mesmos na plataforma de xeito que lle quitamos ó administrador o traballo de facelo. Este sistema ten a vantaxe de que facilita o traballo de administración xa que son os propios usuarios os que realizan os pasos, pero ten o inconveniente de que, ó deixar na man dos usuarios a creación das contas, perdemos algo do control do sitio, xa que calquera visitante da nosa páxina se pode engadir a si mesmo coma usuario rexistrado da mesma. Dependerá da liberdade de creación de contas que lle queiramos dar ós usuarios o uso de unha ou outra alternativa.

Vexamos os pasos para activar a opción para que os usuarios se poidan rexistrar eles mesmos.

Entrando coma administrador no sistema e indo no bloque de *Administración do sitio* ó cartafol *Usuarios* (do mesmo xeito que no apartado anterior) agora entraremos nunha opción que pon *Autenticación*:



Aparecerá a seguinte pantalla:

Escolla os plugins de autenticación que desexa utilizar e ordéneos en orde descendente. O rexistro persoal será realizado polo plugin seleccionado na columna Rexistro (normalmente Correo electrónico).

Nome	Activar	Arriba/Cara abaixo	Configuración
Só contas manuais			<a href="#">Configuración</a>
Non hai sesión			<a href="#">Configuración</a>
Autenticación baseada no correo electrónico	<input checked="" type="checkbox"/>		<a href="#">Configuración</a>
Utilice o servidor CAS (SSO)	<input type="checkbox"/>		<a href="#">Configuración</a>
Utilice unha base de datos externa	<input type="checkbox"/>		<a href="#">Configuración</a>

Temos que activar a opción que pon *Autenticación baseada no correo electrónico*. Farémolo facendo *click* no ollo que está na columna *Activar* de xeito que quede aberto (como se pode ver na imaxe de exemplo). Faremos entón *click* no botón que pon *Gardar modificacións* que aparece na parte de abaixo da páxina e xa estará activada esa opción. De agora en diante, cando un visitante faga *click* no botón de *Acceso* da nosa páxina verá a seguinte pantalla:

Volver a este sitio web?	É a súa primeira visita?
<p>Para acceder precisa dun nome de usuario e dun contrasinal (Debe activar os cookies do seu explorador) ?</p> <p>Nome de usuario <input type="text"/> Contrasinal <input type="password"/> <input type="button" value="Acceso"/></p> <hr/> <p>Algúns cursos poden permitir o acceso a convidados</p> <p><input type="button" value="Entrar como convidado"/></p> <hr/> <p>Esqueceu o seu nome de usuario ou contrasinal?</p> <p><input type="button" value="Si, axúdeme a acceder"/></p>	<p>Ola! Para un acceso completo aos cursos necesita dedicar un minuto do seu tempo para crear unha nova conta neste sitio web. Cada curso pode ter unha "chave de inscrición", que non precisará até máis tarde. Estes son os pasos:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Encha o formulario <a href="#">Nova conta</a> cos seus datos.</li><li>2. Seralle enviada unha mensaxe ao seu enderezo de correo.</li><li>3. Lea o correo electrónico e prema na ligazón.</li><li>4. A súa conta será confirmada e poderá acceder ao sitio.</li><li>5. Seleccione o curso en que desexa participar.</li><li>6. Solicitaráselle a "chave de inscrición" que o seu docente lle forneceu anteriormente.</li><li>7. Agora xa pode acceder ao curso completo. A partir deste momento só precisa de introducir o seu nome de usuario e contrasinal (no formulario de acceso desta páxina) para entrar en calquera curso en que estea inscrito.</li></ol> <p><input type="button" value="Crear unha nova conta"/></p>


Vemos que na parte esquerda da pantalla podemos iniciar sesión coma invitado ou cunha conta de usuario xa rexistrado. Si non temos conta de usuario poderemos facer *click* no botón da parte dereita que pon **Crear unha nova conta** para darnos de alta na páxina. Os pasos son similares ós xa indicados no apartado anterior, coa diferenza de que agora o usuario ten que introducir unha dirección de correo válida, xa que nela recibirá unha mensaxe para activar a conta que acaba de crear.

## 4.- Creando unha categoría

Como xa se indicou en apartados anteriores, normalmente en Moodle ó crear un curso farase dentro dunha categoría. Isto permite ter os cursos máis ordenados e facilita a consulta dos cursos dispoñibles por parte dos usuarios.

O primeiro que faremos entón antes de crear un curso será decidir si o introducimos nalguna das categorías que xa existan na nosa plataforma ou creamos unha categoría nova. Para o exemplo que imos a seguir crearemos unha nova categoría. Vexamos os pasos.

No bloque de *Administración do sitio* escollemos o cartafol *Cursos* e, dentro del, o de *Engadir/Editar cursos*:



Apareceranos a seguinte pantalla:




Categorías de curso	Cursos	Editar	Mover categoría a:
Miscelánea	0	X ⚙ ↓	Parte superior
Sistemas microinformáticos e redes	10	X ⚙ ↑ ↓	Parte superior
Tecnoloxía	2	X ⚙ ↑ ↓	Parte superior
Ciencias Sociais	5	X ⚙ ↑ ↓	Parte superior
Matemáticas	7	X ⚙ ↑	Parte superior

Formulario para engadir nova categoría:

Engadir nova categoría

Vemos as categorías existentes no sitio. Podemos facer *click* en calquera delas e crear un novo curso dentro ou crear unha nova categoría. Para facer iso vemos na parte superior unha caixa de texto para poñer o nome da categoría e un botón que pon *Engadir nova categoría*. Introduciremos o nome da nosa categoría (neste exemplo *Categoría de proba*) e premeremos nese botón:

Veremos que aparecerá creada esa nova categoría:


Ciencias da Natureza	3	X  ↑	Parte superior
Grupos de Trabajo	1	↓ X  ↑	Parte superior
Categoría de proba	0	↓ X  ↑	Parte superior

Agora faremos *click* nesa categoría para entrar nela e proceder á creación do curso.




## 5.- Creando o novo curso

Unha vez dentro da categoría seleccionada veremos a seguinte pantalla:



The screenshot shows the Moodle course management interface. The breadcrumb trail is "Inicio > Cursos > Engadir/Editar cursos". The page title is "Engadir/Editar cursos" and there is a button "Activar edición de bloques" in the top right. On the left, there is a sidebar with "Inicio" and "Cursos" (highlighted) and "Curso de proba" (highlighted). The main content area has a "Desactivar edición" button at the top. Below it, there is a "Categorías de curso:" dropdown menu set to "Categoría de proba" and a button "Engadir unha sub-categoría". The main message is "Non hai cursos nesta categoría" with a button "Engadir novo curso" below it. Below that is a text input field containing "Categoría de proba" and a "Renomear" button. At the bottom, there is a "Buscar en cursos:" search bar with an "Ir" button.

Nela podemos ver que podemos engadir unha nova sub-categoría dentro da que temos creada (si nos é necesario para a mellor organización dos cursos) ou crear un curso. Imos a facer isto último (neste exemplo chamarémoslle *Curso de proba* ó curso que imos crear) Para comezar premeremos no botón que pon **Engadir novo curso**:



This is a close-up screenshot of the "Non hai cursos nesta categoría" message. The "Engadir novo curso" button is highlighted with a red arrow pointing to it from the right. Below it are the "Categoría de proba" text field and the "Renomear" button. At the bottom, the "Buscar en cursos:" search bar and "Ir" button are visible.

Unha vez pulsado ese botón aparecerá a seguinte pantalla (so aparece unha parte na captura, xa que no navegador é máis larga):



traballar no curso. De todos xeitos, na parte inferior da mesma páxina aparecerán un par de seccións que tamén son interesantes de ver:

Grupos	
Modo de grupo ?	Sen grupos ▼
Forzar ?	Non ▼

Dispoñibilidade	
Dispoñibilidade ?	Este curso está dispoñible para estudantes ▼
Chave de inscrición ?	<input type="text"/>
Acceso como convidado ?	Non aceptar convidados en ▼


A sección de **Grupos** serve para indicar si este curso o van a seguir alumnos que estén en agrupamentos distintos (por exemplo 5ºA e 5ºB). Podemos escoller as opcións de *Sen grupos*, *Grupos separados* ou *Grupos visibles*. No primeiro caso non haberá grupos, no segundo haberá grupos e entre os mesmos non compartirán certos contidos (mensaxes do foro, certas actividades, ...) e no terceiro caso haberá grupos pero compartirán eses datos ou contidos. Xa traballaremos cos grupos máis adiante para ver o seu funcionamento. Neste caso vamos a deixalo tal e como está. Unicamente indicar que si poñemos *Si* en **Forzar** despois non poderemos seleccionar esta opción dentro do curso, obrigando o uso da opción elixida en todo o curso. Si a deixamos en *Non* poderemos seleccionar o estilo de agrupamento en cada actividade de xeito individual máis tarde dentro do curso.


A sección **Dispoñibilidade** permite indicar si o curso está dispoñible para estudantes ou non (mentres que estou a preparalo ó mellor non quero que se matricule ninguén) e se voa a aceptar convidados (usuarios que poden entrar no meu curso sen estar matriculados no mesmo). Polo de agora vamos a deixalo así.


Cubriremos a pantalla deste xeito e gardaremos os cambios:


## Editar configuración da disciplina


**Xeral**




Categoría  Categoría de proba





























Nome completo\*  Curso de Proba

Nome abreviado\*  CPROBA

Número de identificación do curso 

Resumo\* 

Trebuchet | 1 (8 pt) | Idioma | **B** | *I* | U | ~~S~~ | x<sub>2</sub> | x<sup>2</sup> |  |  | 

    |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  | 

Este é un curso de proba para o tutorial de Moodle.

Camión: body

Aparecerá entón a seguinte pantalla:


**IV** ► CPROBA ► Asignar papeis

Papeis

Asignar papeis [Anular papeis](#)

### Asignar papeis

Papeis	Descrición	Usuarios
<a href="#">Administrator</a>	Administrators can usually do anything on the site, in all courses.	0
<a href="#">Course creator</a>	Course creators can create new courses and teach in them.	0
<a href="#">Teacher</a>	Teachers can do anything within a course, including changing the activities and grading students.	0
<a href="#">Non-editing teacher</a>	Non-editing teachers can teach in courses and grade students, but may not alter activities.	0
<a href="#">Student</a>	Students generally have less privileges within a course.	0
<a href="#">Guest</a>	Guests have minimal privileges and usually can not enter text anywhere.	0

 [Documentos de Moodle para esta páxina](#)

Observar que na barra de navegación superior aparece o nome curto do curso que puxemos. É un dos sitios onde vai a aparecer, polo que o nome curto debe dar unha pista de en que curso estamos. O resto da pantalla permite asignar papeis ós usuarios que teñamos no sistema para este curso. Vexamos como se fai.

## 5.1.- Asignando os roles

En Moodle os usuarios que damos de alta non os damos para un curso en particular, senón para todo o sistema. Cando creamos un curso o que temos que facer é, entre todos os usuarios, seleccionar cales van a formar parte do meu curso e en que **rol** o van a facer. Necesitarei polo menos un profesor para o curso (usaremos o usuario chamado *Usuario de proba* creado na parte 2 deste tutorial para ese **rol**). Ademais creei no sistema uns cantos usuarios (chamados *Alumno1 de Proba*, *Alumno2 de Proba*, *Alumno3 de Proba*, ...) para matricularlos coma alumnos (seguindo os mesmos pasos que xa vimos na parte 2). Vexamos como asignar eses roles.

### 5.1.1.- Asignando o rol de profesor

Lembremos que en Moodle tiñamos dous tipos de profesores: os profesores *normales* e os profesores *non editores*. A diferencia entre eles está en que o profesor *non editor* non poderá crear nin modificar recursos e actividades do curso, unicamente poderá usar os xa existentes para avaliar ós alumnos. Como o noso curso está baleiro e a idea é que o profesor vaia creando os recursos e as actividades asignaremos un usuario co **rol** de profesor *normal*.

IV ► CPROBA ► Asignar papeis

Papeis

Asignar papeis Anular papeis


### Asignar papeis ?

Papeis	Descripción	Usuarios
<a href="#">Administrator</a>	Administrators can usually do anything on the site, in all courses.	0
<a href="#">Course creator</a>	Course creators can create new courses and teach in them.	0
<a href="#">Teacher</a>	Teachers can do anything within a course, including changing site activities and grading students.	0
<a href="#">Non-editing teacher</a>	Non-editing teachers can teach in courses and grade students, but may not alter activities.	0
<a href="#">Student</a>	Students generally have less privileges within a course.	0
<a href="#">Guest</a>	Guests have minimal privileges and usually can not enter text anywhere.	0

[Documentos de Moodle para esta páxina](#)

Para iso, na pantalla anterior, seleccionamos o rol de **Teacher** e buscamos o usuario que queremos engadir.

Ó pulsar nese enlace aparecerá a seguinte pantalla:



AV ► CPROBA ► Asignar papeis

Papeis

Asignar papeis Anular papeis

### Asignar papeis ?

Contexto actual: Curso: Curso de Proba  
Papeis para asignar Teacher

Hai 0 usuarios


4 usuarios potenciales

**Resultados da busca (4)**

- Alumno1 de Proba, nonresponder@edu.xunta.es
- Alumno2 de Proba, nonresponder@edu.xunta.es
- Alumno3 de Proba, nonresponder@edu.xunta.es
- Usuario de Proba, nonresponder@edu.xunta.es

Buscar Mostrar todos

Nela seleccionamos na esquerda os usuarios que queiramos asignar coma profesores do curso (podemos seleccionar máis de un si mantemos pulsada a tecla **Ctrl** mentres os seleccionamos) e pulsamos na frecha que indica cara a esquerda para *movelos* a ese *rol*:



### Asignar papeis ?

Contexto actual: Curso: Curso de Proba  
Papeis para asignar Teacher


Hai 0 usuarios

4 usuarios potenciales

**Resultados da busca (4)**

- Alumno1 de Proba, nonresponder@edu.xunta.es
- Alumno2 de Proba, nonresponder@edu.xunta.es
- Alumno3 de Proba, nonresponder@edu.xunta.es
- Usuario de Proba, nonresponder@edu.xunta.es

Aparecerá o seguinte:




Onde vemos que o usuario *Usuario de Proba* está asignado coma **Teacher** no curso. Para asignar os alumnos seguimos os mesmos pasos:

### 5.1.2.- Asignando os roles dos alumnos

Os pasos son similares ó caso anterior. Unicamente debemos seleccionar o **rol** de **Student** e asignar os alumnos que desexemos. Este paso pódese facer o administrador ou o profesor do curso (sempre que non sexa un profesor *non editor*). Moodle tamén permite configurar o curso para que os alumnos se poidan *automatricular* no curso, de xeito que lle quitaríamos algo de traballo ó profesor ou ó administrador, pero sería máis difícil controlar que accede ó curso en calidade de alumno.

Para este paso entón seleccionaremos o rol de **Student** e marcaremos os usuarios do sistema que desexamos incluír coma alumnos neste curso. Lembremos que podemos marcar máis dun usuario ó mesmo tempo e, unha vez marcados, pulsamos na frecha que apunta cara a esquerda.

Para borrar algún alumno do curso unicamente seleccionariámolo na columna da esquerda e pulsariámolo na frecha cara a dereita.



Unha vez engadidos os alumnos:

AV ► CPROBA ► Asignar papeis

Papeis

Asignar papeis Anular papeis

## Asignar papeis ?

Contexto actual: Curso: Curso de Proba  
Papeis para asignar Student

Hai 3 usuarios

- Alumno1 de Proba, nonresponder@edu.xunta.es
- Alumno3 de Proba, nonresponder@edu.xunta.es
- Alumno2 de Proba, nonresponder@edu.xunta.es

1 usuarios potenciais

**Resultados da busca (1)**

- Usuario de Proba, nonresponder@edu.xunta.es

Resumo dos roles asignados:


AV ► CPROBA ► Asignar papeis

Papeis

Asignar papeis Anular papeis

## Asignar papeis ?

Papeis	Descrición	Usuarios
Administrator	Administrators can usually do anything on the site, in all courses.	0
Course creator	Course creators can create new courses and teach in them.	0
Teacher	Teachers can do anything within a course, including changing the activities and grading students.	1
Non-editing teacher	Non-editing teachers can teach in courses and grade students, but may not alter activities.	0
Student	Students generally have less privileges within a course.	3
Guest	Guests have minimal privileges and usually can not enter text anywhere.	0

 [Documentos de Moodle para esta páxina](#)

Vemos que temos un usuario co rol de profesor e tres usuarios co rol de alumnos.



## 6.- Configurando un pouco o curso

Os pasos para configurar o curso irémolos vendo segundo nos vaian facendo falta nas seguintes entregas, pero falaremos aquí da configuración básica. Unha vez feitos todos os pasos anteriores, si entramos coma usuario profesor no curso aparecerá a seguinte pantalla:

The screenshot shows the Moodle course configuration interface for 'CPROBA'. The left sidebar contains navigation menus for 'Persoas' (with 'Participantes' highlighted), 'Actividades' (with 'Foros' highlighted), 'Busca nos foros', and 'Administración' (with various management options like 'Activar edición', 'Configuración', etc.). The main area is titled 'Esquema semanal' and shows a weekly calendar with dates and checkboxes. The right sidebar contains 'Últimas noticias', 'Próximos eventos', and 'Actividade recente'.

Na parte esquerda arriba de todo vemos un enlace que pon **Participantes**. Si prememos nel aparecerá unha pantalla onde podemos ver os usuarios que participan neste curso:

The screenshot shows the 'Participantes' page in Moodle. At the top, it says 'Papel actual: Todos'. Below that, it says 'Todos os participantes: 4'. The main content is a table with the following data:

Imaxe de usuario	Nome / Apellido	Cidade/Vila	País	Último acceso ↑	Seleccionar
	Usuario de Proba	Baio	España	Nunca	<input type="checkbox"/>
	Alumno2 de Proba	baio	España	Nunca	<input type="checkbox"/>
	Alumno1 de Proba	baio	España	Nunca	<input type="checkbox"/>
	Alumno3 de Proba	baio	España	Nunca	<input type="checkbox"/>

Below the table, there are buttons for 'Seleccionar todo', 'Desmarcar todo', and 'Aceptar'. A status bar shows 'cos usuarios seleccionados...'.

Na parte de arriba desta pantalla podemos seleccionar o **rol** polo que queremos filtrar para

ver os usuarios dun **rol** específico en lugar de velos todos.

Na páxina principal do curso, na parte central, vemos a configuración do curso:

The screenshot shows the Moodle course interface for 'CPROBA'. The main content area displays a weekly schedule under the heading 'Esquema semanal'. The schedule consists of eight rows, each representing a week with a date range and a checkbox. The dates are: 14 de Febreiro - 20 de Febreiro, 21 de Febreiro - 27 de Febreiro, 28 de Febreiro - 5 de Marzo, 6 de Marzo - 12 de Marzo, 13 de Marzo - 19 de Marzo, 20 de Marzo - 26 de Marzo, 27 de Marzo - 2 de Abril, 3 de Abril - 9 de Abril, 10 de Abril - 16 de Abril, and 17 de Abril - 23 de Abril. To the left of the schedule is a sidebar with navigation options: 'Persoas' (with 'Participantes'), 'Actividades' (with 'Foros'), 'Busca nos foros' (with a search bar and 'Busca avanzada'), and 'Administración' (with links like 'Activar edición', 'Configuración', 'Asignar papeis', etc.). To the right of the schedule are three panels: 'Últimas noticias' (with 'Engadir un tema novo...'), 'Próximos eventos' (with 'No hai eventos próximos'), and 'Actividade recente' (with 'Actividade desde Sábado, 11 de Febreiro de 2012, 20:54').

Vemos que este curso está organizado en semanas e ten unha duración de 10. Esa é a configuración que tiña posta Moodle cando creamos o curso. No momento de crealo deixámola así xa que nos parecía correcta, pero supoñamos que agora prefiro organizar o curso por temas e poñer unicamente cinco. Para iso teño que *reconfigurar* o curso cos novos parámetros.

Na parte esquerda da pantalla, no bloque de *Administración*, vemos un enlace que pon *Configuración*. Si prememos ne iremos á seguinte pantalla:

AV ► CPROBA ► Editar configuración da disciplina

### Editar configuración da disciplina

**Xeral**

Nome completo\* ? Curso de Proba

Nome abreviado\* ? CPROBA

Número de identificación do curso ?

Resumo\* ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma

**B I U** | ~~S~~ | x: x\* | | | | | | | | |

Este é un curso de proba para o tutorial de Moodle.

Esta pantalla xa nos é coñecida: é a mesma que nos aparecía no momento de crear o curso. Pois ben, agora podemos modificar calquera dos campos que introducimos naquel momento para axustar o curso ás nosas necesidades. Neste caso, o único que imos a modificar é o formato e a duración do curso. Para iso, un pouco máis abaixo na mesma páxina vemos isto:

Este é un curso de proba para o tutorial de Moodle.

Camiño: ?

**Formato** ? Formato semanal

**Número de semanas ou temas** 10

Data de inicio do curso ? 14 Febreiro 2012

Seccións ocultas ? As seccións ocultas móstranse de forma contraída

Na opción **Formato** escolleremos *Formato de temas* e indicaremos que vai a ter un total de cinco temas, quedando así:

Este é un curso de proba para o tutorial de Moodle.

Camiño:

Formato Formato de temas

Número de semanas ou temas 5

Data de inicio do curso 14 Febreiro 2012

Seccións ocultas As seccións ocultas móstranse de forma contraída

Pulsamos no botón **Gardar modificacións** na parte de abaixo da páxina:

FORZAR IDIOMA Non forzar

Gardar modificacións Cancelar

e ó volver á páxina do curso veremos o seguinte:

AV ► CPROBA Mudar o papel para...

**Persoas**

- Participantes

**Actividades**

- Foros

Busca nos foros

Busca avanzada

**Administración**

- Activar edición
- Configuración
- Asignar papeis
- Grupos
- Copia de seguranza
- Restaurar
- Importar

**Esquema de tema**

- Foro de novas
- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

**Últimas**

- Enga (Ainda publica)

**Próxim**

- No hai
- Ir

**Actividi**

- Activida de Feb
- Infc
- act
- Sen nov último a

A partires deste momento o que resta é que o profesor vai engadindo recursos e actividades para o traballo dos alumnos. Is verémolo nas seguintes seccións do manual.


## 7.- O modo edición en Moodle

Unha vez creado o noso curso de Moodle comezaremos a engadir recursos. Os recursos son os “apuntes” que lles vamos a dar ós alumnos durante o desenvolvemento do curso. Moodle danos varias opcións á hora de engadir recursos. Comezaremos vendo un pouco como manexar os cursos en Moodle e logo engadiremos os distintos tipos de contidos.


O primeiro é entrar no noso curso e activar o modo edición para poder ver que nos ofrece Moodle nese modo de traballo. Para iso imos á parte de arriba á dereita e veremos un botón que pon **“Activar edición”** :




Pulsando nese botón veremos que o interface de Moodle cambia lixeiramente, aparecendo uns novos botóns:



Vexamos para que vale cada un deses botóns:


 Serve para realizar unha edición do elemento ó que acompaña. Por exemplo, si está ó lado dun texto permitirá modificar ese texto.

 Serven para mover un elemento. Podemos pulsar nas frechas para mover o elemento ó que acompañan en sentido horizontal ou vertical.


 Serve para amosar ou ocultar un elemento ós alumnos. Si está aberto os alumnos


poderán ver ese elemento. Si está pechado o profesor poderá traballar con ese elemento pero os alumnos non o poderán ver.

Permite mostrar unicamente o tema co que estamos a traballar. Ó pulsalo cambiará por un botón con dous cadrados que permitiría volver a amosar todos os temas.


 Permite resaltar o tema actual poñéndolle unha cor distinta nos laterais para que os alumnos se centren nese tema aínda que haxa outros visibles.


Serve para eliminar o elemento asociado.

Como exemplo de uso deses botóns premeremos no botón  que aparece ó lado do número **1** correspondente ó primeiro tema. Ese botón permite editar o resumo dese tema, aparecendo para facelo a seguinte pantalla onde podemos introducir un resumo para ese tema:




O resumo aparecerá ó lado do número do tema na pantalla do curso:




Si queremos volver a editar ese resumo volveremos a premer no botón de 

Por outra banda, ó activar o modo edición, veremos que tamén aparecen os seguintes elementos:



Eses elementos serán os que usamos para traballar nesta parte. Ó pulsar no elemento que pon “**Engadir un recurso**” aparecerá o seguinte menú:



Eses serán os tipos de recursos que permite engadir Moodle. Comezaremos pola inserción dunha etiqueta.

## 8.- Inserindo Recursos

Vexamos como inserir os diferentes tipos de recursos en Moodle.

### 8.1.- Inserindo unha etiqueta


No menú que aparece antes eliximos a opción **Inserir unha etiqueta** e apareceranos a seguinte pantalla:


 A screenshot of the Moodle 'Engadir un novo Etiqueta a tema 1' form. The form has a title bar with 'AV > CPROBA > Etiquetas > Editando Etiqueta'. The main content area has a title 'Engadir un novo Etiqueta a tema 1' with a question mark icon. Below the title is a red label 'Texto da etiqueta\*' with a question mark icon. There is a rich text editor with a toolbar containing various icons for text formatting (bold, italic, underline, strikethrough, list, link, unlink, image, video, audio, etc.). Below the editor is a 'Camión' field with a question mark icon. At the bottom, there is a 'Visible' dropdown menu set to 'Mostrar'. At the very bottom, there are three buttons: 'Gardar e continuar', 'Gardar e volver ao curso', and 'Cancelar'.



Esta pantalla que vemos é o editor HTML de Moodle, no que podemos inserir a etiqueta que desexemos. Normalmente as etiquetas usarémolas para separara as distintas seccións dentro dun curso ou para pequenas notas aclaratorias, xa que si queremos facer algo máis complexo temos outros tipos de recursos máis axeitados.

Como exemplo de etiqueta do tema un poremos un pequeno texto cunha imaxe para ver como se fai.

Teclaremos o texto e logo cargaremos a imaxe. Para isto último premeremos no botón  que se pode ver na barra de ferramentas do editor. Aparecerá a seguinte pantalla:



The screenshot shows the 'Insert image' dialog box in Moodle. It has a title bar 'Inserir imaxe'. The main area contains several sections: 'URL da imaxe:' with a text input field and an 'Aceptar' button; 'Alternar texto:' with a text input field and a 'Cancelar' button; 'Deseño' with 'Aliñamento:' set to 'Non seleccionado', 'Largura do bordo:' with an input field; 'Espazamento' with 'Horizontal:' and 'Vertical:' input fields; and 'Tamaño' with 'Largura:' and 'Altura:' input fields. Below these is a file explorer section with 'Explorador de ficheiro' and 'Previsualizar:' labels, and a 'Selección:' area with buttons for 'Eliminar', 'Mover', 'Comprimir', and 'Renomear'. At the bottom, there are input fields for 'Crear cartafol' and 'Examinar...', and a 'Cargar' button. A 'Propiedades' section at the bottom right shows 'Tamaño:' and 'Tipo:' labels.


Nesta pantalla podemos poñer unha URL dunha imaxe (si a mesma está aloxada nunha páxina web, blog, disco *online*, ...) ou podemos seleccionar unha imaxe que teñamos no noso PC, subila a Moodle e logo usala. Debemos ter coidado con usar imaxes sacadas de páxinas web, xa que ó poñer a URL de orixe faremos que, cada vez que se cargue o noso curso, se vaia a esa URL a obter a imaxe. Nalgunhas páxinas limitábase o tráfico mensual de xeito que ó chegar a certo límite a páxina daranos un erro ó tentar acceder a ela. Pensemos que ó coller a imaxe dunha páxina e descargala para amosala no noso sitio estamos a consumir parte do tráfico desa páxina sen visitala, polo que debemos telo en conta á hora de seleccionar os orixes das nosas imaxes.

Neste exemplo usaremos unha imaxe gardada no PC que subiremos ó noso servidor Moodle para logo usala. Para iso crearemos un cartafol poñendo o nome do cartafol na seguinte


caixa de texto e premendo no botón **Crear cartafol**:




Crearemos un cartafol chamado *Imaxes Tema 1*. Ó premer no botón aparecerá ese cartafol creado na caixa que pon **Explorador de ficheiro**:



Faremos *click* nese nome para entrar no cartafol e logo premeremos no botón **Examinar** para buscar a imaxe no noso PC:



Periféricos de entrada/saída	Escolla múltipla	Páxina seguinte Esta páxina Esta páxina Esta páxina	Engadir unha páxina... ▼
Resumo de E/S	Emparellamento	Páxina seguinte Esta páxina	Engadir unha páxina... ▼
Final do percorrido	Final do percorrido	Táboa de percorridos	Engadir unha páxina... ▼



Cando o alumno execute a lección verá o seguinte:

**Lección de Periféricos**

**Táboa de percorridos**

Nesta lección veremos os diferentes tipos de periféricos que podemos encontrar nun PC.

[Introdución](#) [Tema de periféricos de entrada](#) [Tema de periféricos de saída](#) [Tema de periféricos de e/s](#)

Cando entra nun dos temas verá o contido da páxina creada e a pregunta proposta:

**Lección de Periféricos**

O hardware do PC....  
....  
....

**Pregunta:**  
*¿Cal dos seguinte elementos forman parte do hardware dun PC?*

O rato

O Sistema Operativo

O teclado


O procesador tde textos

[Verifique unha ou máis preguntas](#)


Si resposta correctamente á pregunta avanzará á seguinte páxina. Si nos fixamos na imaxe da páxina anterior na que se ve a secuencia de páxinas vemos que despois da páxina de *Introdución* ven un *Final de percorrido*, polo que se volverá a amosar a páxina de elección de temas.

## 11.- Cuestionarios en Moodle

Un cuestionario é un tipo de tarefa ou proba que lle poñemos ó alumno para avaliar os seus coñecementos sobre un tema en concreto. En Moodle podemos inserir un cuestionario dende o menú de *Actividades* escollendo a opción *Cuestionario*.



Unha vez escollida esa opción aparecerá unha pantalla onde introduciremos os datos xerais do cuestionario:



Unha vez introducidos o nome e a introdución ó mesmo vezamos as opcións máis destacadas:

Coordinación							
Abrir o cuestionario	?	29	Febreiro	2012	17	00	<input checked="" type="checkbox"/> Desactivar
Pechar o cuestionario	?	29	Febreiro	2012	17	00	<input checked="" type="checkbox"/> Desactivar
Tempo límite	?	0					<input type="checkbox"/> Activar
Atraso da segunda tentativa en relación coa primeira	?	Ningún					
Atraso entre tentativas posteriores	?	Ningún					

No cadro anterior podemos ver as opcións de publicación do cuestionario:

- *Abrir o cuestionario*: Indica a partir de que data estará dispoñible o cuestionario. Antes desa data o alumno non terá acceso a el.
- *Pechar o cuestionario*: Indica a data límite para realizar o cuestionario. Despois desa data non se poderá resolver.
- *Tempo límite*: Si queremos podemos limitar o tempo que lle damos ó alumno para realizar o cuestionario. Por defecto non está activado, polo que o alumno terá o tempo que desexe.
- *Atrasos entre tentativas*: Podemos indicar a cantidade de minutos ou horas que deben transcorrer entre as tentativas de resolver un cuestionario por parte do alumno (si lle deixamos máis dunha tentativa).

Mostrar		
Preguntas por páxina	?	Ilimitado
Barallar preguntas	?	Non
Barallar dentro das preguntas	?	Si

- *Preguntas por páxina*: Para cuestionarios longos pode ser interesante limitar o número de preguntas por páxina. Si escollemos un límite Moodle inserirá automaticamente saltos de páxina no cuestionario segundo vaíamos inserindo preguntas tendo en conta o valor introducido aquí. De todos xeitos eses saltos de páxina poderemos movelos si o desexamos.
- *Barallar preguntas*: Esta opción baralla as preguntas que se lle mostran ó alumno. Dous alumnos facendo o mesmo cuestionario verán as mesmas preguntas, pero en diferente orde para dificultar que copien.
- *Barallar dentro das preguntas*: Esta opción baralla as respostas dentro de cada pregunta para dificultar a copia das respostas por parte dos alumnos. So é aplicable a preguntas con varias opcións de resposta.

Tentativas	
Tentativas permitidas ?	Número de tentativas ilimitado ▾
Cada tentativa constrúese a partir da última ?	Non ▾
Modo adaptable ?	Si ▾

- *Tentativas permitidas*: Indica o número de veces que o alumno pode tentar resolver o cuestionario.
- *Cada tentativa constrúese a partir da última*: Indica, no caso de que poida haber varias tentativas, si na segunda e posteriores serán visibles as respostas anteriores para que o alumno as teña en conta para a nova tentativa.
- *Modo adaptable*: Indica si queremos que, no caso de responder incorrectamente a unha pregunta, o alumno poderá volver a respondela dentro da mesma tentativa. Normalmente si lle permitimos isto ó alumno as segundas tentativas terán unha penalización de erro.

Cualificacións	
Método de avaliación ?	A cualificación máis alta ▾
Aplicar penalizacións ?	Si ▾
Número de decimais das cualificacións ?	2 ▾

- *Método de avaliación*: Indica como queremos que se avalie este cuestionario. As opcións son: a nota máis alta, a nota media, a nota da primeira tentativa e a nota da última tentativa.
- *Aplicar penalizacións*: No caso de usar o *modo adaptable* indicamos que queremos que se apliquen penalizacións polos erros. Esas penalizacións defíniranse ó editar as preguntas.
- *Número de decimais das cualificacións*: Indica como se redondeará a nota que se vai a presentar ó final do cuestionario.

O resto das opcións xa non son relevantes para a realización do cuestionario (serven para indicar que resultados pode revisar o alumno e cando pode facelo e outras cuestións. Na axuda de Moodle podemos obter información destas opcións).

Cubriremos o noso cuestionario coas opcións desexadas, por exemplo:

<b>Coordinación</b>	
Abrir o cuestionario ?	29 ▾ Febreiro ▾ 2012 ▾ 17 ▾ 00 ▾ <input type="checkbox"/> Desactivar
Pechar o cuestionario ?	8 ▾ Marzo ▾ 2012 ▾ 17 ▾ 00 ▾ <input type="checkbox"/> Desactivar
Tempo límite ?	0 <input type="text"/> <input type="checkbox"/> Activar
Atraso da segunda tentativa en relación coa primeira ?	Ningún ▾
Atraso entre tentativas posteriores ?	Ningún ▾
<b>Mostrar</b>	
Preguntas por páxina ?	5 ▾
Barallar preguntas ?	Si ▾
Barallar dentro das preguntas ?	Si ▾
<b>Tentativas</b>	
Tentativas permitidas ?	Número de tentativas ilimitado ▾
Cada tentativa constrúese a partir da última ?	Non ▾
Modo adaptable ?	Si ▾
<b>Cualificacións</b>	
Método de avaliación ?	A cualificación máis alta ▾
Aplicar penalizacións ?	Si ▾
Número de decimais das cualificacións ?	2 ▾

E logo pulsaremos no botón de *Gardar cambios e mostrar* para que nos apareza a pantalla de edición do cuestionario.

### 10.1.- Editando o cuestionario

Na pantalla de edición do cuestionario é onde poderemos crear as preguntas para o cuestionario. Estas preguntas agrúpanse en categorías, de xeito que si posteriormente queremos aproveitar de novo esas preguntas para outros cuestionarios poidamos navegar polas preguntas dun xeito máis ordenado.

<p style="text-align: center;"> <a href="#">Información</a> <a href="#">Resultados</a> <a href="#">Previsualización</a> <a href="#">Editar</a>  <a href="#">Cuestionario</a> <a href="#">Preguntas</a> <a href="#">Categorías</a> <a href="#">Importar</a> <a href="#">Exportar</a> </p>	
<p><b>Preguntas neste cuestionario</b></p> <p>Aínda non se engadiu ningunha pregunta</p>	<p style="text-align: right;"><b>Banco de preguntas</b></p> <p><b>Categoría:</b> Predefinido ▾ <a href="#">Editar categorías</a></p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Mostrar tamén preguntas de subcategorías</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Mostrar tamén preguntas antigas</p> <p><input type="checkbox"/> Mostrar o texto da pregunta na lista de preguntas</p> <p>Categoría predefinida para preguntas.</p> <p><b>Crear nova pregunta:</b> Escolla... ▾ ?</p> <p style="text-align: right;">Aínda non se engadiu ningunha pregunta</p>

Na imaxe anterior vemos que aínda non engadimos ningunha pregunta no cuestionario e temos a opción de crear unha nova pregunta ou editar as categorías. Comezaremos por editar as categorías para crear unha nova para a nosa materia. Prememos no botón *Editar categorías* e aparecerá a seguinte pantalla:


### Engadir categoría ?

Pai	Categoría	Información sobre a categoría	Publicar	Acción
Superior ▼	SistOperativos	Preguntas sobre Sistemas Operativos	Si ▼	<input type="button" value="Engadir"/>

Na pantalla anterior xa están cubertos os datos que nos interesan da nosa categoría. Puxémoslle un nome e unha pequena descrición e indicamos que a queremos publicar inmediatamente (no caso de querer creala pero non publicala aínda poderemos facelo logo no botón con forma de ollo que aparecerá ó creala). Si prememos en *Engadir* aparecerá a categoría creada:

Categoría	Información sobre a categoría	Preguntas	Publicar	Eliminar	Orde	Pai
Predefinido	Categoría predefinida para preguntas.	0	✕		↓	---
SistOperativos	Preguntas sobre Sistemas Operativos	0		✕	↑	Superior ▼

Na parte de arriba da páxina temos unha pequena barra de navegación coma esta:



Premeremos en *Preguntas* para engadir agora preguntas a esta categoría.

Cuestionario
Preguntas
Categorías
Importar
Exportar

## Banco de preguntas

**Categoría:** SistOperativos ▼

Mostrar tamén preguntas de subcategorías

Mostrar tamén preguntas antigas

Mostrar o texto da pregunta na lista de preguntas

Preguntas sobre Sistemas Operativos


**Crear nova pregunta:** Escolla... ?

Aínda non se engadiu ningunha pregunta


Na pantalla anterior seleccionamos a nosa categoría e imos engadindo preguntas ó noso

banco de preguntas. Non o dixemos antes, pero podemos crear *subcategorías* dentro das categorías, de xeito que temos as preguntas ordenadas por grupos que se axusten ó que nos desexamos. Si é o caso e seleccionamos a categoría superior poderemos indicarlle que queremos que nos mostre aquí tamén as preguntas das *subcategorías*. Neste exemplo aínda non temos ningunha pregunta así que comecemos a engadilas.


Moodle permite varios tipos de preguntas nos cuestionarios:




Algúns deses tipos de preguntas xa os vimos ó falar das *Leccións*. As características de cada tipo de preguntas podémolas consultar na axuda de Moodle. Neste exemplo engadiremos unhas poucas preguntas tipo test para facer un exame pequeno para os alumnos. Escollemos a opción *Escolla múltipla* e engadimos a nosa pregunta:



Para cada pregunta temos varias opcións. Por exemplo:



Nesta parte indicamos que esa pregunta ten un valor de 1 punto e o factor de penalización é do 10% (cada tentativa de corrixir a pregunta baixa 0,1 puntos). A *Avaliación xeral* e as realimentacións que veremos máis abaixo son para darlle información ó alumno sobre os seus resultados. O que poñamos aquí aparecerá a todos os alumnos independentemente da resposta que dea.



The screenshot shows the Moodle question editor interface for a 'Choose one' question. At the top, there are settings for 'Unha ou varias respostas?' (Set to 'Só unha resposta') and 'Barallar respostas?' (checked). Below this, the question type is 'Escolla 1'. The 'Resposta' field contains the text 'Ten varios procesadores'. The 'Cualificación' is set to '100 %'. There is a 'Retroalimentación' field which is currently empty. At the bottom, there is a rich text editor toolbar with various icons for text formatting and editing.


Na imaxe anterior podemos indicar si queremos que esta pregunta sexa de unha soa resposta ou pode ter varias respostas correctas. Ademais aparece marcado o de barallar respostas, opción que xa marcamos na creación do cuestionario.

Na parte de **Escolla 1** poremos a resposta, o porcentaxe da nota que dará esta resposta en particular sobre a pregunta e podemos poñer un pequeno texto que lle aparecerá na revisión final si seleccionou esta resposta.

As outras *Escollas* serán as respostas incorrectas (xa que escollemos a opción de que soamente haxa unha correcta). A diferenza con esta é que en *Cualificación* poremos *Ningún* para indicar que si o alumno escolle esa resposta non obterá puntuación por esta pregunta.

Na parte final da pregunta temos o apartado de *Avaliación global*. Nese apartado podemos poñer tamén uns comentarios de realimentación para que o alumno os vexa na revisión do exame indicando os textos que queremos que vexa no caso de unha resposta correcta, parcialmente correcta ou incorrecta:





Unha vez creada a pregunta veremos que se engade ó banco de preguntas da nosa categoría:



O que nos falta agora é ir engadindo máis preguntas hasta ter as necesarias para facer o cuestionario. Podemos engadir tantas preguntas como desexemos. Máis tarde seleccionaremos unicamente as que queiramos para que se inclúan no cuestionario:

**Banco de preguntas**

**Categoría:** SistOperativos

Mostrar tamén preguntas de subcategorías  
 Mostrar tamén preguntas antigas  
 Mostrar o texto da pregunta na lista de preguntas

Preguntas sobre Sistemas Operativos

**Crear nova pregunta:** Escolla...

Acción	Nome da pregunta	Ordenar por tipo, nome	Tipo
<input type="checkbox"/>	Algoritmo expropiativo		⋮
<input type="checkbox"/>	Algoritmo SRT		⋮
<input type="checkbox"/>	Asignación contigua		⋮
<input type="checkbox"/>	Cola de preparados		⋮
<input type="checkbox"/>	DMA		⋮
<input type="checkbox"/>	E/S Programada		⋮
<input type="checkbox"/>	Indexación		⋮
<input type="checkbox"/>	Interrupcións		⋮
<input type="checkbox"/>	PIC		⋮
<input type="checkbox"/>	Segmentación		⋮
<input type="checkbox"/>	Sistemas Multiproceso		⋮
<input type="checkbox"/>	Técnicas de E/S		⋮

[Seleccionar todo](#) / [Deixar todo sen seleccionar](#) **Con seleccionados:**

SistOperativos

Unha vez introducidas as preguntas desexadas volvemos ó cuestionario facendo *click* no enlace que temos na parte superior:



Apareceranos a pantalla de edición do formulario:

**Preguntas neste cuestionario**

Aínda non se engadiu ningunha pregunta

**Banco de preguntas**

**Categoría:** SistOperativos

Mostrar tamén preguntas de subcategorías  
 Mostrar tamén preguntas antigas  
 Mostrar o texto da pregunta na lista de preguntas

Preguntas sobre Sistemas Operativos

**Crear nova pregunta:** Escolla...

Acción	Nome da pregunta	Ordenar por tipo, nome	Tipo
<< 🔍 ✕	Algoritmo expropiativo		☰
<< 🔍 ✕	Algoritmo SRT		☰
<< 🔍 ✕	Asignación contigua		☰
<< 🔍 ✕	Cola de preparados		☰
<< 🔍 ✕	DMA		☰
<< 🔍 ✕	E/S Programada		☰
<< 🔍 ✕	Indexación		☰
<< 🔍 ✕	Interrupcións		☰
<< 🔍 ✕	PIC		☰
<< 🔍 ✕	Segmentación		☰
<< 🔍 ✕	Sistemas Multiproceso		☰
<< 🔍 ✕	Técnicas de E/S		☰

[Seleccionar todo / Deixar todo sen seleccionar](#) **Con seleccionados:**

SistOperativos

Engadir  preguntas aleatorias

Agora deberemos seleccionar as preguntas que desexemos engadir e pulsar no botón *Engadir ao cuestionario*. Si o desexamos tamén podemos engadir preguntas de xeito aleatorio indicando cantas queremos e premendo no botón *Engadir* (na parte de abaixo da imaxe anterior):

[Seleccionar todo / Deixar todo sen seleccionar](#) **Con seleccionados:**

SistOperativos

**Engadir 1 preguntas aleatorias**

Unha vez engadidas as preguntas podemos ver como quedan no noso cuestionario:

Preguntas neste cuestionario				Banco de preguntas			
↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<b>Categoría:</b> SistOperativos	[ Editar categorías ]		
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<input checked="" type="checkbox"/> Mostrar tamén preguntas de subcategorías			
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<input checked="" type="checkbox"/> Mostrar tamén preguntas antigas			
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<input type="checkbox"/> Mostrar o texto da pregunta na lista de preguntas			
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	Preguntas sobre Sistemas Operativos			
Page break				<b>Crear nova pregunta:</b>	Escolla...		
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<b>Acción</b>	<b>Nome da pregunta</b>	Ordenar por tipo, nome	<b>Tipo</b>
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<< ⚙️ ⚙️ X	Algoritmo expropiativo		⋮
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<< ⚙️ ⚙️ X	Algoritmo SRT		⋮
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<< ⚙️ ⚙️ X	Asignación contigua		⋮
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<< ⚙️ ⚙️ X	Cola de preparados		⋮
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<< ⚙️ ⚙️ X	DMA		⋮
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<< ⚙️ ⚙️ X	E/S Programada		⋮
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<< ⚙️ ⚙️ X	Indexación		⋮
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<< ⚙️ ⚙️ X	Interrupcións		⋮
↑ ↓	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<< ⚙️ ⚙️ X	PIC		⋮
↑	Pregunta aleatoria (SistOperativos)	? 1	⚙️ >>	<< ⚙️ ⚙️ X	Segmentación		⋮
Total: 10				<< ⚙️ ⚙️ X	Sistemas Multiproceso		⋮
Cualificación máxima: 10				<< ⚙️ ⚙️ X	Técnicas de E/S		⋮
[ Guardar modificacións ]				[ Seleccionar todo / Deixar todo sen seleccionar ]			
<input checked="" type="checkbox"/> Mostrar quebras de páxina				Con seleccionados: [ Mover a >> ]			
Repaxinar con 5 preguntas por páxina				[ Engadir ao cuestionario ] [ Eliminar ]			
<input type="checkbox"/> Mostrar a ferramenta de reordenación				Engadir 1 preguntas aleatorias [ Engadir ]			

Marcamos a opción de *Mostrar quebras de páxina* para poder ver que se vai a dividir o cuestionario en varias páxinas (cada 5 preguntas, tal e como indicamos cando o creamos). Vemos que eses saltos de páxina podemos movelos si o desexamos ou incluso eliminalos. Neste caso deixáremolos tal e como están.

Si prememos en *Previsualización* poderemos ver como quedará o noso cuestionario:

Previsualizar Cuestionario de software	
[ Comezar novamente ]	
Páxina: 1 2 (Seguinte)	
<b>1</b> ⚙️ Notas: --/1	No caso de usar indexación para a xestión do espazo de almacenamento  Escolla unha resposta. <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="radio"/> a. Cada bloque ten uns bytes reservados para o índice que apunta ó seguinte bloque</li> <li><input type="radio"/> b. Os índices ós bloques colócanse nunha táboa de índices</li> <li><input type="radio"/> c. Cofecendo o inicio do ficheiro e o seu tamaño podemos acceder a calquera bloque</li> </ul> [ Enviar ]
<b>2</b> ⚙️ Notas: --/1	No caso de usar Segmentación para a xestión de memoria:

Vemos que cada pregunta ten un botón para enviar a resposta de xeito individual. De todos xeitos ó final do cuestionario hai un botón para enviar todas as respostas dunha soa vez.

## 10.2.- Resolvendo o cuestionario

Cando o alumno acceda ó cuestionario verá a seguinte pantalla:

### Cuestionario de software

Resolve este cuestionario sobre o tema de Software

Método de avaliación: A cualificación máis alta

Iníciase o cuestionario: Mércores, 29 de Febreiro de 2012, 17:00

Cuestionario pechado: Xoves, 8 de Marzo de 2012, 17:00

[Tentar responder ao exame agora](#)

Pode tentar resolvelo. No caso de que responda unha pregunta e a resposta sexa incorrecta, ó darlle a enviar esa resposta apareceralle o seguinte:

**1**  
Notas: 0/1

No caso de usar indexación para a xestión do espazo de almacenamento

Escolla unha resposta.

- a. Cada bloque ten uns bytes reservados para o índice que apunta ó seguinte bloque **X**
- b. Os índices ós bloques colócanse nunha táboa de índices
- c. Cofecendo o inicio do ficheiro e o seu tamaño podemos acceder a calquera bloque

Repasa o tema de Xestión de almacenamento

[Enviar](#)

Incorrecto  
Notas para este envío: 0/1. Este envío foi penalizado con 0.1.

Vemos que o cuestionario mostra a mensaxe que indicamos no caso de que a resposta fose incorrecta e déixalle ó alumno tentalo de novo, pero cunha penalización de 0.1 puntos.

Unha vez rematado todo o cuestionario e enviado aparecerá a seguinte pantalla:

AV ► CPROBA ► Cuestionarios ► Cuestionario de software ► Tentativa 1

### Cuestionario de software - Tentativa 1

( [Continuar](#) )

E logo aparecerá a de revisión dos datos:

**1**  
Notas: 0.9/1

No caso de usar indexación para a xestión do espazo de almacenamento

Escolla unha resposta.  a. Cada bloque ten uns bytes reservados para o índice que apunta ó seguinte bloque *x*

b. Os índices ós bloques colócanse nunha táboa de índices *✓*

c. Coñecendo o inicio do ficheiro e o seu tamaño podemos acceder a calquera bloque *x*

**Correcto**  
Notas para este envío: 1/1. Coas penalizacións anteriores equivale a 0.9/1.

---

**2**  
Notas: 1/1

No caso de usar Segmentación para a xestión de memoria:

Escolla unha resposta.  a. Pódese producir tanto fragmentación externa coma interna, se ben esta última pódese controlar *x*

b. Pódese producir fragmentación interna *x*

c. Pódese producir fragmentación externa *✓*

**Correcto**  
Notas para este envío: 1/1.

---

**3**  
Notas: 1/1

As técnicas posibles para realizar E/S son:

Escolla unha resposta.  a. Contigua, Enlazada e Indexada *x*

b. Programada, Interrupcións e DMA *✓*

c. Paxinación, Segmentación e Memoria Virtual *x*

**Correcto**  
Notas para este envío: 1/1.

---

**4**  
Notas: 0/1

O PIC...

Escolla unha resposta.  a. É un compoñente importante na E/S programada, xa que a CPU so pode xestionar unha E/S de cada vez *x*

b. Permite que a CPU poida atender varias interrupcións ó mesmo tempo *x*

c. Xerarquiza os periféricos para definir unhas prioridades no orde de tratamento das interrupcións *✓*

Repasa o tema de Periféricos


**Incorrecto**  
Notas para este envío: 0/1.

Vemos que cada pregunta nos indica si fallamos ou acertamos e a puntuación da mesma. Na parte superior da páxina sae ademais un pequeno informe da resolución do cuestionario:

<b>Cuestionario de software</b>	
<b>Revisión da tentativa 1</b>	
Comezado en:	Mércores, 29 de Febreiro de 2012, 18:46
Completado en:	Mércores, 29 de Febreiro de 2012, 18:53
Tempo empregado:	6 mins 51 segundos
Puntuación bruta:	8.9/10 (89%)
Cualificación:	8.9 dun máximo de 10

## 12.- Cualificacións

Unha vez resoltos os cuestionarios propostos e entregados os traballos o profesor pasará a avaliar a cualificar estes últimos e, despois diso, poderemos ver as cualificacións dos alumnos. Para iso, no menú lateral escolleremos o enlace que pon *Cualificacións*:




Aparecerá a pantalla de cualificacións:

Descargar en formato ODS   Descargar en formato Excel   Descargar en formato de texto

**Todas as cualificacións por categoría** ?

Estudiante	Exames		Traballos		Total		Estudiante
	puntos(10)	Porcentaxe	puntos(400)	Porcentaxe	puntos(410)	%	
de Proba, Alumno1	10	100%	375	93.75%	385	93.9%	de Proba, Alumno1

Vemos neste exemplo que o alumno ten 10 de 10 puntos en exames e 375 puntos de 400 posibles en traballos. En total ten 385 puntos de 410 posibles, o que fai un 93.9% da nota final máxima posible. Para que as cualificacións aparezan divididas entre traballos e exames tal e como se ven na imaxe anterior temos que crear esas categorías e asignarlle dada actividade a unha delas. Para iso, na parte superior veremos a seguinte barra de navegación:



Escollemos a opción de *Definir categorías* e aparecerá o seguinte:

**Definir Categorías** ?

Elemento de cualificación	Categoría	Máxima cualificación	Curva para	Crédito extra
Esquema dun PC	Traballos	100	100	<input type="checkbox"/>
Tipos de impresoras	Traballos	100	100	<input type="checkbox"/>
Tipos de periféricos	Traballos	100	100	<input type="checkbox"/>
Listado de periféricos	Traballos	100	100	<input type="checkbox"/>
Lección de Periféricos	Traballos	0	0	<input type="checkbox"/>
Cuestionario de software	Exames	10	10	<input type="checkbox"/>


Gardar modificacións

Engadir categoría:  Engadir categoría

Eliminar categoría:  Escoller categoría Eliminar categoría

Vemos na parte de abaixo os botóns para engadir e eliminar categorías e na parte de arriba os traballos e cuestionarios propostos ós alumnos. Pois ben, o único que hai que facer é asignarlle unha categoría a cada un dos elementos, tal e como está na imaxe superior.

Por outra banda tamén vemos unha opción que pon *Definir ponderacións*:



esta opción serve para o caso no que queiramos valorar de distinto xeito os exames e os traballos. Por exemplo, supoñamos que queremos que a nota final deste curso estea composta nun 70% pola nota dos exames e nun 30% pola dos traballos. Na pantalla de ponderacións faremos o seguinte:

**Definir ponderacións ?**

Categoría	Ponderar	Soltar X máis baixa	Puntos positivos	Oculto
Sen categoría	<input type="text" value="0.00"/>	<input type="text" value="0"/>	<input type="text" value="0"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Exames	<input type="text" value="70.00"/>	<input type="text" value="0"/>	<input type="text" value="0"/>	<input type="checkbox"/>
Traballos	<input type="text" value="30.00"/>	<input type="text" value="0"/>	<input type="text" value="0"/>	<input type="checkbox"/>

A ponderación total é igual a 100

Para ver a nota ponderada nas cualificacións iremos á opción de *Definir preferencias* e escolleremos que queremos mostrala (temos a opción de ocultala, mostrala a todo o mundo ou soamente para os profesores):

**Definir preferencias ?**

Mostrar as cualificacións ponderadas:

Mostrar puntos:

Mostrar porcentaxes:

Outras opcións que temos nesta pantalla son as de mostra os puntos, que os porcentaxes unicamente os poidan ver os profesores, mostrar as cualificacións con letra (as letras definirémolas na opción *Cualificar con letra*), ...

Unha vez feitos os cambios vemos como queda a pantalla de cualificacións:



<a href="#">Descargar en formato ODS</a> <a href="#">Descargar en formato Excel</a> <a href="#">Descargar en formato de texto</a>											
Todas as cualificacións por categoría											
Estudiante	Exames <small>Estatísticas(70.00%)</small>			Traballos <small>Estatísticas(30.00%)</small>			Total <small>Estatísticas</small>			Estudiante	
	Ordenar por apellido	contribución	contribución	contribución	contribución	puntos(410)	%	Ponderación	Ordenar por apellido		
Ordenar por nome	puntos(10) Porcentaxe	da ponderación de %	puntos(400) Porcentaxe	da ponderación de %	puntos(400) Porcentaxe	da ponderación de %	↓↑	↓↑	↓↑	Ordenar por nome	
de Proba, Alumno1	10	100%	70%	375	93.75%	28.13%		385	93.9%	98.13%	de Proba, Alumno1

Vemos que o alumno ten un 93.9% do total dos puntos, sen embargo a súa nota ponderada é do 98.13%.

## 13.- Módulos de comunicación

A parte dos recursos e das actividades outra funcionalidade importante que nos ofrece Moodle para o traballo cos alumnos son os módulos de comunicación. Estes módulos permítenos manter o contacto co alumno para, por exemplo, resolver dúbidas durante o desenrolo do curso.

Imos a ver dous dos módulos de comunicación que nos ofrece Moodle: os **Foros** e os **Chats**.

### 13.1.- Foros


Os foros son un módulo de Moodle que nos permite deixarlle mensaxes ós alumnos ou que estes nos deixen mensaxes ou formulen dúbidas que os profesores poden responder no mesmo foro. Tamén podemos utilizalos para facer debates sobre algún tema a través da rede. Moodle cre de xeito automático un foro especial cando creamos un novo curso, o *Foro de Novas*.

#### 13.1.1.- O foro de novas

O foro de novas créase automaticamente cada vez que se crea un curso. Aparece no que podemos chamar *Tema 0* do curso (na parte superior do mesmo):




Este foro ten unhas características especiais. Os alumnos están subscritos de xeito automático a este foro. Isto significa que cada vez que o profesor cree unha nova mensaxe neste foro chegaralle ó alumno un correo electrónico coa mensaxe introducida. Por outra banda, na parte dereita da páxina podemos ver un bloque para as novas:



Nese bloque aparecerán as mensaxes publicadas no foro de novas de xeito automático. Desesa forma, cando un alumno ingrese no curso verá de xeito inmediato as últimas novas publicadas no foro.

Vexamos como publicar unha entrada no foro. O primeiro é facer *click* co rato no nome do foro e aparecerá a pantalla do mesmo:














































Vemos na imaxe anterior que aínda non se publicou ningunha noticia. Normalmente nos foros crearemos temas de discusión e, dentro deses temas, as mensaxes que desexemos. Prememos entón no botón de *Engadir un novo tema*:

**O seu novo tema de discusión**


Tema\*

Mensaxe\* ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma **B** *I* U ~~S~~ x<sub>2</sub> x<sup>2</sup>   






Onde vemos que o tema engadido aparece no bloque de últimas noticias.

Normalmente este foro non se utiliza para discusións nin para resolver dúbidas, se non que se soe usar para publicar novas relacionadas co curso (datas de exames, saídas, recollida de exercicios, ...) aproveitando o feito de que todos os alumnos están subscritos e lles chegará un correo coa mensaxe e que, ademais diso, aparecerá na portada do curso a mensaxe introducida.

### 13.1.2.- Foros de dúbidas ou discusións

Os foros para dúbidas e discusións crearémolos de xeito manual dentro do tema que queiramos. Deste xeito poderemos ter separadas as dúbidas de cada tema en foros distintos e, dentro dun mesmo foro, as distintas partes do tema poderíamos tratalas en fíos distintos.

Para crear un foro nun dos temas do noso curso de Moodle imos ó menú de Actividades e seleccionamos a opción *Foro*:



Unha vez seleccionada esa opción aparecerá a seguinte pantalla:

**Engadir un novo Foro a tema 1** ?

**Xeral**

Nome do foro\*

Tipo de foro ?

Introdución do foro\* ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma **B** *I* U ~~S~~ x<sub>2</sub> x<sup>2</sup>

Camiño: body

Deben subscribirse todos/as obrigatoriamente? ?

Rastrexar as mensaxes lidas para este foro? ?

Tamaño máximo do anexo ?

A imaxe é similar á de creación dun novo tema dentro do foro. Neste caso tamén lle poremos un nome ó foro e un texto explicativo sobre o mesmo:

**Engadir un novo Foro a tema 1** ?

Nome do foro\*

Tipo de foro ?

Introdución do foro\* ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma **B** *I* U ~~S~~ x<sub>2</sub> x<sup>2</sup>

Neste foro tentaranse resolver as dúbidas que xurdan no tema de Software

Por outra banda, na parte de abaixo podemos ver as seguintes opcións:

Deben subscribirse todos/as obrigatoriamente? ?

Rastrexar as mensaxes lidas para este foro? ?

Tamaño máximo do anexo ?

Nesas opcións indicamos si os alumno se deben subscribir a este foro de xeito obrigatorio para recibir correos electrónicos cos contidos do mesmo, si o poden facer de xeito opcional ou si non o poden facer.

A opción de rastrexar as mensaxes serve para que o alumno poida consultar unha lista das mensaxes non lidas do foro si quere e o tamaño máximo do anexo serve para limitar a subida de arquivos nas mensaxes do foro a un tamaño máximo de ficheiro.

Outra opcións que temos son as de poder cualificar as mensaxes (útil si o que facemos é un foro de discusión coma traballo de clase e queremos poñerlle nota ás mensaxes dos alumnos) e limitar o número máximos de envíos dun usuario nunha marxe de tempo (por exemplo, limitamos os envíos a 5 ó día).

Unha vez creado o foro veremos o seguinte:

The screenshot shows a Moodle forum page for 'AV > CPROBA > Foros > Foro de dúbidas do tema de Software'. At the top right, there is a button 'Actualizar este Foro'. Below it, the text reads 'Este foro permítelle a calquera que elixa subscribirse ou non' followed by a yellow question mark icon and the text 'Todos/as deben subscribirse obrigatoriamente'. To the right, there are two links: 'Mostrar/editar subscritores actuais' and 'Subscribir a este foro'. In the center, a large box contains the text 'Neste foro tentaranse resolver as dúbidas que xurdan no tema de Software'. Below this box is a button 'Engadir un novo tema de discusión'. At the bottom, it says '(Aínda non hai temas de discusión neste foro)'.

O que verá o alumno será o seguinte:

The screenshot shows the same Moodle forum page. At the top right, there is a search bar with a yellow question mark icon and a button 'Buscar foros'. Below it, the text reads 'Este foro permítelle a calquera que elixa subscribirse ou non' followed by a yellow question mark icon and the text 'Calquera pode escoller agora se se inscribe'. To the right, there is a link 'Subscribir a este foro'. In the center, a large box contains the text 'Neste foro tentaranse resolver as dúbidas que xurdan no tema de Software'. Below this box is a button 'Engadir un novo tema de discusión'. At the bottom, it says '(Aínda non hai temas de discusión neste foro)'.

Agora podemos empezar a crear fíos de discusión no foro e responder as preguntas que se fagan. Por outra banda, na parte superior dereita vemos que o alumno se pode subscribir ó foro si o desexa. Ademais, o profesor pode obrigar á subscrición neste foro de xeito obrigatorio para os alumnos.

Cando un alumno crea un novo fío no foro:



AV ► CPROBA ► Foros ► Foro de dúbidas do tema de Software ► Engadir un novo tema de discusión

Neste foro tentaranse resolver as dúbidas que xurdan no tema de Software

**O seu novo tema de discusión**

Tema\*


Mensaxe\* ☺

aparecerá o seguinte:


[Non subscribir a este foro](#)

Neste foro tentaranse resolver as dúbidas que xurdan no tema de Software

[Engadir un novo tema de discusión](#)

Discusión	Iniciado por	Respostas	Última mensaxe
<a href="#">Dúbida do tema de E/S</a>	 <a href="#">Alumno1 de Proba</a>	0	<a href="#">Alumno1 de Proba</a> Xov, 1 de Mar de 2012, 18:04

Tanto os alumnos coma os profesores poderán entrar nese fío e ler a mensaxe publicada:



**Dúbida do tema de E/S**  
por [Alumno1 de Proba](#) - Xoves, 1 de Marzo de 2012, 18:04

Non entendo ben as diferencias entre ...


[Editar](#) | [Eliminar](#) | [Responder](#)

Premendo en *Responder* tanto outro alumno coma o profesor poden tentar resolver a dúbida deste alumno. Como vemos, nos foros podemos implicar ós demais alumnos para que respondan as dúbidas dos compañeiros, co que fomentamos a participación na clase.

## 13.2.- Chats

Un chat ten unha funcionalidade similar á dun foro, xa que permite tanto a resolución de dúbidas coma os traballos de discusión. A diferenza principal é que non chats este traballo farase en *tempo real*. É dicir, todos os usuarios se conectarán á mesma hora e intercambiarán as mensaxes de xeito inmediato, mantendo unha conversa a través da rede.

Para crea un chat imos ó menú de actividades e escollemos a opción de *Chat*:



Unha vez seleccionada esa opción aparecerá a seguinte pantalla:

AV ► CPROBA ► Chats ► Editando Chat

### Engadir un novo Chat a tema 1 ?

**Xeral**

Nome desta sala de chat\*  Debe introducir aquí un valor.

Texto introdutorio\* ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma **B I U**  $x_2$   $x^2$

Camiño:

Próxima hora de chat 1 Marzo 2012 18 00

Repetir sesións Non publicar horas de chat

Gardar sesións antigas Nunca eliminar mensaxes


Todos poden ver sesións antigas Non

**Configuracións do módulo común**

Modo de grupo ? Sen grupos


Visible Mostrar

Nela crearemos un novo chat poñéndolle un nome á sala e un texto descritivo indicando os temas que se van a tratar nese chat, por exemplo:



Nas opcións que temos abaixo podemos especificar si queremos poñerlle unha data e hora ó chat e si queremos que sexa unha data fixa ou que se repita diariamente ou semanalmente. Debemos ter en conta que o que indiquemos aquí non influirá da dispoñibilidade do chat: a sala de chat estará aberta para os alumnos en calquera data e hora, sen importar o que poñamos aquí. A utilidade de poñer unha data e hora é a de indicarlle ós alumnos a que hora estará o profesor conectado para resolver dúbidas, por exemplo. Si queremos que un chat non estea dispoñible temos que ocultalo na opción *Visible* do bloque *Configuracións do módulo común* que temos na parte inferior da pantalla.

O alumno ó entrar no chat verá o seguinte:




Vemos que ten un enlace para entrar no chat e, na parte superior dereita, outro para ver as sesións antigas. Ese enlace é útil para ver conversacións antigas que se gardaron e poder consultalas. Na pantalla de creación do chat temos unha opción chamada *Gardar sesións antigas* que permite indicar os días que estarán dispoñibles esas sesións (2 días, 7 días, ...) ou si queremos que estean sempre dispoñibles.

Cando o alumno entra no chat verá o seguinte:



Vemos que aparecen os usuarios conectados (neste caso está conectado o alumno e outro usuario máis).

Na parte de abaixo temos unha caixa de texto na que escribir a mensaxe. Unha vez escrita prememos *Enter* e a mensaxe enviarase ós demais usuarios do chat:



Tamén podemos ver un enlace que pon *beep* ó lado de cada usuario conectado. Ese enlace serve para enviarlle un son polos altofalantes do PC ó usuario seleccionado, Podemos usalo, por exemplo, para avisalo de que ten unha mensaxe si tarda moito en responder, por si a ventana de chat lle quedou oculta no seu PC detrás doutra e non ve a mensaxe.

Na páxina principal do curso podemos ver como quedan publicados os foros e os chats no tema:

